

ALBERGUE XUVENIL MARINA ESPAÑOLA (BERGONDO)

DATOS XERAIS: Edificio de 4 andares ao carón do mar, con aloxamento en cuartos de 6, 7 ou 8 camas e aseo integrado. Dispón de salas de xuntanza, salón de usos múltiples, sala de xogos, pistas deportivas, polideportivo cuberto e espazos ao aire libre.

ACCESOS: A 1,5 km de Sada, na estrada Sada -Betanzos (A Coruña). Autobuses desde A Coruña a todas as horas.

ENDEREZO: ALBERGUE XUVENIL MARINA ESPAÑOLA
CORBEIROA, SADA (A CORUÑA)
Tfno.: 981 620 118

ACTIVIDADES E QUENDAS

| QUENDA | IDADE | AVENTURA NAS MARIÑAS |
|-------------|-------|--|
| 1-8 xullo | 9-11 | CONTIDOS: Neste campamento poderás participar, xunto con outros nenos e nenas, en múltiples actividades lúdicas e formativas, gozarás das características dunha completa instalación que conta con sala de ordenadores e pistas deportivas onde realizar distintos xogos cos teus compañeiros, que farán desta experiencia unha aventura que nunca esquecerás. |
| 11-18 xullo | 9-11 | |
| 21-28 xullo | 9-11 | |
| 1-8 agosto | 9-11 | |

| QUENDA | IDADE | IMPLÍCA-T CO NOSO |
|--------------|-------|---|
| 11-18 agosto | 14-17 | CONTIDOS: Neste campamento participarás activamente, a metade da xornada, en actividades de voluntariado ambiental e de emprendemento práctico e participativo nos sectores produtivos tradicionais, aproveitando os recursos da zona, o que che aportará unha formación en valores. Tamén haberá actividades de lecer, algunhas náuticas que complementan ás primeiras. |

NORMAS XERAIS:

- Os participantes estarán atendidos permanentemente por persoal titulado e especializado na organización e no desenvolvemento das actividades de tempo libre.
- Ningún participante poderá abandonar o centro sen autorización expresa do director da actividade, e sempre acompañado dun adulto autorizado (**persoa que firmou nos papeis de inscrición**), no caso de non poder estar presente este, a persoa que efectúe a recollida deberá achegar a fotocopia do DNI de quen autoriza (**persoa que firmou nos papeis de inscrición**) e do autorizado así como o impreso de autorización que lles será facilitado polos monitores o día da recepción.
Prégase non facer visitas de non ser necesario, co fin de non interferir no desenvolvemento das actividades.
- Poderase contactar telefonicamente co equipo de monitores no teléfono **981 620 118** de **15 a 16 horas**. Neste tempo haberá unha persoa para recoller os avisos e para atender as consultas. Nese mesmo horario facilitaráselles ós rapaces o seu móbil para que poidan poñerse en contacto coas familias. O centro conta con cabina telefónica.
- O centro ten atención sanitaria. Os participantes deberán levar **as tarxetas sanitarias orixinais**. O día da incorporación débese comunicar ao persoal técnico da actividade os medicamentos en caso de tratamento específico que estean a tomar, así como as alerxias, doenzas, ou calquera outra incidencia que se considere de interese.
- Recoméndase que non leven obxectos de valor, nin grandes sumas de diñeiro. Organizarase un "banco" onde os participantes poidan depositar os seus cartos e tamén os teléfonos (recomendase poñer un adhesivo co seu nome tanto no teléfono coma no cargador e no caso de ser necesario unha lista cos números de teléfono e o PIN, se non se sabe de memoria). Os teléfonos entregaranse apagados.
- Aconséllase levar a roupa marcada coas iniciais.
- Na páxina Web www.xuventude.net no apartado de anexos, descargárase a **autorización de fotografías** que se entregará cuberta o día da incorporación.